

## OH!

Texto e ilustracións de **JOSSE GOFFIN**

Encadernado en cartón. 22 x 26,7 cm. 52 páxinas (despregables). 16 €

-PREMIO GRÁFICO DÁ FEIRA INTERNACIONAL DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL DE BOLOÑA 1993  
-PLAN NACIONAL DE LECTURA (PNL Portugal)

**Oh!** (galego)

ISBN 978-84-1343-102-4. Álbum ilustrado. Tras os montes.

**¡Oh!** (castelán)

ISBN 978-84-1343-103-1. Álbum ilustrado. Clásicos contemporáneos.

**Oh!** (català)

ISBN 978-84-18558-22-1. Àlbum il·lustrat. Clàssics contemporanis.

**Ol** (euskara)

ISBN 978-84-9172-241-0. Album irudidunak. Gaur egungo klasikoak.

**Oh!** (português)

ISBN 978-989-749-150-4. Álbum ilustrado. Clássicos contemporâneos.

**Oh!** (italiano)


ISBN 978-84-1343-079-9. Albo illustrato. Classici moderni.

«Oh!» é un libro sen texto que os especialistas en Literatura Infantil e Xuvenil consideran unha obra de referencia. Xoga cos dotes sentidos, as adiviñas visuais e, como Magritte, ensínanos que “una pipa non sempre é unha pipa”. As súas páxinas amosan imaxes independentes -aínda que relacionadas entre si- establecendo unha estrutura encadeada, polo que pode converterse nun conto circular.

As súas páxinas son despregables, de xeito que a primeira coa seguinte presenta unha ilustración; pero ao abrir esta última, fórmase outra figura distinta. Xorde así un xogo entre o que se ve e o que se agocha, o que parece algo pero transfórmase noutra cousa diferente... A esta proposta imaxinativa e sorprendente engádese unha colección de ilustracións facilmente recoñecibles que destacan polo seu carácter descritivo.

Tratándose dun libro para todas as idades, resulta especialmente atractivo para pre-lectores e primeiros lectores, xa que permite realizar un exercicio libre de narración mentres os máis cativos tratan de adiviñar que debuxos se ocultan detrás de cada páxina.

O resultado é que as niñas e os nenos identifican as imaxes, Asómbranse e sorpréndense -de aí o título- ao descubrir a parte descoñecida de cada unha, aprenden a secuencia e mais a dirección da lectura narrativa e visual, ao tempo que desenvolven a imaxinación.



■ **Temática:** libro sen texto que xoga co significado das imaxes.

■ **Idade recomendada:** pre-lectores, primeiros lectores.

■ **Aspectos destacables:** páxinas despregables, ilustracións sinxelas, xogo de imaxes que se transforman; direccionalidade da lectura, potenciar a imaxinación, identificar imaxes; arte, vocabulario, educación visual e plástica.

### Josse Goffin

(Bruxelas, 1938)

Estudou Deseño Gráfico e Comunicación Visual. Comezou a súa traxectoria como director de axencias de publicidade e editoriais. No seu universo gráfico o humor xoga un importante papel poético. O seu catálogo de obras inclúe carteis culturais e comerciais, portadas de revistas e campañas de publicidade internacionais, entre outras actividades. Tamén ilustrou libros infantís. As axencias de publicidade e deseño de todo o mundo valoran a obra de Josse Goffin pola súa frescura e orixinalidade. Por ese motivo fue seleccionado para participar en numerosas exposicións en Europa, Estados Unidos e Xapón.



www.**Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com